


## PLANO FORMACIÓN EN COMPETENCIAS INFORMACIONAIS DA BIBLIOTECA

Aula Ci2

16  
18



**BIBLIOTECA**  
Facultade de Ciencias da  
Educación Campus Elviña s/n  
[www.educacion.udc.es/biblioteca](http://www.educacion.udc.es/biblioteca)

1

## ÍNDICE

	páxina
A formación en competencias informacionais	
Contexto	2
Estado actual da ALFIN e da formación en CI nas Bus españolas, na BUDC e na Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación	5
Misión	8
Obxectivos	8
Avaliación previa de usuarias/os	9
Análise DAFO	10
Destinatarias/os	12
Recursos humanos	12
Infraestrutura	12
Accións de mercadotecnia e comunicación	13
Cursos alumnado	13
Cursos PDI e doutoramento	17
Cursos PAS	23

O Plano de formación en Competencias Informacionais da Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación, Aula Ci2, conta con catro propostas, unha para alumnado, outra para PAS e outras dúas para investigadoras/es e docentes:

1. **Aula CI2-A.** Curso semipresencial paralelo ás materias docentes. Formación gradual en varias fases: Grao e TFG e TFM, seguindo os niveis de competencia dixital establecidos por Rebiun no DIGCOMP<sup>1</sup>. Comezarán paralelos.
2. **Aula CI2-PAS.** Seminario de formación para PAS do centro, especialmente indicado para aquel que traballa na UADI.
3. **Aula CI2-D.** Seminarios de formación para PDI e alumnado de doutoramento, semipresencial, que se desenvolverán ao longo do ano académico, en grupos reducidos.
4. **Aula CI2-I.** Individualizada. Asesoramento directo e individual para PDI e alumnado de doutoramento

## A FORMACIÓN EN COMPETENCIAS INFORMACIONAIS

### Contexto

1. No marco do **Espazo Europeo de Educación Superior** estanse a producir grandes cambios en relación coa docencia e a investigación, ampliándose ademais o uso da aprendizaxe virtual e a investigación en rede. Un dos principais obxectivos da Universidade é a aprendizaxe ao longo da vida, e a Biblioteca, como CRAI (Centro de Recursos para a Aprendizaxe) ten como labor alfabetizar en *competencias informacionais* e *habilidades no uso da información* á comunidade universitaria. A alfabetización informacional (ALFIN) supón que o alumnado será capaz de identificar as súas necesidades, localizar e acceder á información relevante e avaliar dun xeito crítico a variedade de fontes de información existentes. Enténdese por Competencias informacionais o *conxunto de capacidades que permiten ás persoas recoñecer cando precisan a información, buscala, xestionala, avaliala e comunicala adecuadamente*. Trátase de capacidades necesarias para a aprendizaxe ao longo da vida e imprescindibles para a inserción e utilización no mundo laboral. As competencias informacionais que se persiguen son:

- Recoñecer a natureza e nivel de necesidade de información
- Acceder á información de maneira eficaz e eficiente
- Avaliar criticamente a información obtida e as súas fontes
- Comunicar a información
- Usala de forma ética e legal

Podemos analizar as distintas competencias informacionais seguindo a definición dada pola CRUE en 2014<sup>2</sup>.

2. Nos distintos **planos de estudos** de Grao existen unha serie de **competencias transversais** que inclúen competencias informacionais, con epígrafes como: “Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información” ou “Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional” .
- Amáis especifican que *“se entende como competencias esenciais comúns ligadas á institución. Pódense abordar de forma integrada no currículo das materias e de forma específica a través de accións formativas desenvolvidas dende servizos da UDC como o Centro de Linguas, o Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), a Aula de Formación Informática*

*etc*”<sup>3</sup>. Tamén aparecen nas especificacións dos cursos de doutoramento a necesidade de realizar os cursos de manexo de fontes de información da Biblioteca con esixencia, en ocasións, dun certificado.

Se ben se detectan nalgúnhas memorias de graos redaccións que non se corresponden coa realidade: *Durante el primer mes del curso académico, los estudiantes tienen la posibilidad de asistir a un cursillo organizado por la Directora de la biblioteca de la Facultad en el que se les explica la ubicación y organización de todo el material y el modo de búsqueda de información bibliográfica.*<sup>4</sup> En moitas destas non aparece citada a Biblioteca, e cando aparece é coma un espazo máis, non como un centro de recursos para a aprendizaxe, a docencia e a investigación”. Tamén detectamos descoñecemento das categorías reais e especialización do persoal que nela traballan.

3. Nas *Characteristics of Programs of Information Literacy that Illustrate Best Practices: A Guideline*, da **Association of College and Research Libraries**, 2012, a categoría 6 é “colaboración”, a colaboración entre docentes e bibliotecarias/os.<sup>5</sup> Tamén aparecía ese rol de “Biblioteca educadora” nas *Standards for Libraries in Higher Education* da mesma asociación.<sup>6</sup> Queda así manifesto que para acadar os seus obxectivos de alfabetización de usuarios/as é necesaria a colaboración institucional e a integración desta nos planos de estudos adaptados ao EEES. É ademais, moi importante o traballo conxunto co persoal docente.
4. No **Plano Estratéxico de Rebiun 2020**<sup>7</sup>, téñense en conta todos os cambios que se están a producir no ensino e as pautas que debe seguir a biblioteca universitaria para adaptarse a eles:
  - a. A necesidade de traballar xunto ao persoal investigador dende o inicio do seu proceso de investigación, axudándolle a que cheguen ser profesionais con experiencia na xestión e comunicación da información.
  - b. Potenciar o uso das TICs e estándares abertos
  - c. “Integrar de forma progresiva as competencias informáticas e Informacionais (CI2) nos diferentes estudos da universidade como estratexia educativa para o desenvolvemento das capacidades válidas para toda a vida” (Liña 2)

5. No **Plano Estratéxico de Rebiun 2007-2010**<sup>8</sup> xa quedaba recollida a necesidade da BU de “potenciar e promover acción para o desenvolvemento e implementación de competencias en información como competencias transversais no novo modelo docente” .
6. No **Marco de competencia digital para estudantes de grado**<sup>9</sup>, de Rebiun (2016) establécense as distintas competencias que deberán acadar os estudantes de grao das distintas universidades.
7. A **Ordenación do ensino universitario**, nos RD 1393/2007<sup>10</sup> e RD 861/2010<sup>11</sup> introduce o término de competencias, e a necesidade de avaliación da súa adquisición.

## Estado actual da ALFIN (Alfabetización informacional) e a formación en CI (Competencias informacionais) nas BUs españolas, na BUDC e na Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación

Existen varias definicións de **ALFIN**, na Declaración de Praga de 2003<sup>12</sup> recóllese como “*A alfabetización informacional comprende o coñecemento e as necesidades dos individuos e a habilidade para identificar, localizar, avaliar, organizar e crear, utilizar e comunicar a información eficazmente para enfrentar aspectos ou problemas; é un prerrequisito para participar eficazmente na Sociedade da Información e é parte dos dereitos básicos da humanidade para unha aprendizaxe de por vida*”

Por outra banda, a Association of College & Research Libraries Information Literacy Competency Standards *define as competencias informacionais* como “*o conxunto de coñecementos, habilidades, actitudes e condutas que capacitan aos individuos para recoñecer cando necesitan información, onde localizala, como avaliar a súa idoneidade e darlle o uso axeitado de acordo co problema que se lles suscita. A competencia informacional é común a todas as disciplinas, a todas as contornas de aprendizaxe, a todos os niveis de educación. Permite a aprendices e aprendizas dominar o contido e ampliar as súas investigacións, ter máis autonomía e asumir un maior control na súa propia aprendizaxe*” , así queda recollido no informe da Comisión mixta CRUE-TIC e Rebiun “Competencias Informáticas e Informacionais en los estudios de Grado” (xuño 2012)<sup>13</sup>

Neste mesmo estudo establece como competencias a adquirir:

- A/O estudante busca a información que precisa.
- A/O estudante analiza e selecciona a información de xeito eficiente.

- A/O estudante organiza a información adecuadamente.
- A/O estudante utiliza e comunica a información eficazmente de forma ética e legal, co fin de construír coñecemento.

Nas **BUS das universidades de Vigo e de Santiago** estase a traballar nun plano de formación centralizado e con acordos co goberno das súas universidades. Na USC hai xa asinado un acordo co Goberno, no que se aproba un modelo con dous niveis de aprendizaxe cuxa organización, xestión e avaliación será competencia da BUSC. Teñen carácter voluntario e recoñecemento de créditos que se imputarán nos expedientes de alumnos e alumnas, regulado por Resolución Reitoral do 12 de xullo do 2010<sup>14</sup>. A Biblioteca da Universidade de Vigo ofrece un curso de CI con dous ETCs.

Na **Biblioteca da UDC** non existe un plan de formación de usuarias/os xeral e coordinado cos distintos centros. Dende servizos centrais impártense cursos de carácter xeral para formación de alumnado de primeiro de Grao, para TFG e outros para PDI, algúns deles con recoñecemento de créditos, e cada Biblioteca de centro ten o seu plan de Alfin especializado. Si existe, dende 2015, de xeito coordinado cos centros e en colaboración co CUFIE, o curso *Estratexias para incrementar a visibilidade e o impacto dos resultados da investigación*.

A **Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación da UDC** leva anos impartindo cursos de Alfin para alumnado tanto nas titulacións previas aos graos como de grao, mestrado, doutoramento, e tamén PDI. Os tipos de formación que imparte son fundamentalmente de carácter presencial, se ben, a partir do ano 2009, conta con dous cursos de autoaprendizaxe a través da plataforma Moodle: **Habilidades para o acceso e xestión da información en Ciencias da Educación**, e **TFG e TFM. Buscar e xestionar a información**, montados na súa totalidade polo persoal bibliotecario da Facultade. Nese mesmo ano, o persoal da Biblioteca de Ciencias da Educación impartiu o curso semipresencial **Acceso e xestión da información en Ciencias da Educación**, de 15 horas de duración acreditado cun crédito de libre elección pola UDC, ao que asistiron 10 persoas (alumnado de primeiro e terceiro ciclo). Entre os anos 2007 e 2011 a Biblioteca ofrecía unha **formación a base de menús**<sup>15</sup>, nunha proposta de marketing de difusión e comunicación da Formación de usuarias/os, para facelos máis “apetecibles”. Estes menús foron suplantados polos cursos de **Habilidades para o acceso e xestión da información en Ciencias da Educación** en diferentes niveis (iniciación,



integrado na aula e obrigatorio para todo o alumnado do persoal docente que o solicite; avanzado para alumnado de Grao e especializado para alumnado de TFG e TFM), así como distintos seminarios para grupos de doutoramento e docentes).

Todas estas formacións ofrecen xa contidos referidos ás “competencias informacionais” que forman parte do Decálogo Ci2 creado pola Comisión mixta intersectorial CRUE-TIC (Comisión Sectorial de las Tecnologías da Información e as Comunicacions) e REBIUN (Rede de Bibliotecas Universitarias)<sup>16</sup>, que xa se están impartindo na meirande parte das universidades españolas, sendo, por norma xeral, o persoal bibliotecario quen os realiza (Universidad Complutense de Madrid<sup>17</sup>, Universidad Pública de Navarra<sup>18</sup>, Universitat d’ Alacant<sup>19</sup>, Universidad de Santiago de Compostela<sup>20</sup>, Universidade de Vigo (non está en aberto), Universidad de Sevilla<sup>21</sup>, Universidad de La Laguna<sup>22</sup>, Universidad de Zaragoza<sup>23</sup>, entre outros). No caso das Universidades que tamén imparten Competencias Informáticas, é o PAS de TIC quen se encarga desta parte de formación. Son 8 universidades as que imparten Ci2. (segundo informe realizado pola CRUE e Rebiun<sup>24</sup>)

As competencias Informacionais e Informáticas aparecen moi ben valoradas por profesionais das distintas materias (colexios profesionais, docentes, investigadores e investigadoras) nos **libros brancos publicados pola ANECA<sup>25</sup>**. Nos **planos de estudos dos estudos de Grao e Mestrado da Facultade de Ciencias da Educación<sup>26</sup>** aparecen recollidas algunhas das competencias que poderíamos calificar de informacionais dentro das competencias transversais, como son:

- Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información
- Capacidade de busca e manexo de información
- Capacidade de selección, de análise, de avaliación e de utilización de distintos recursos na rede e multimedia
- Coñecer e manexar as novas tecnoloxías da comunicación e da información
- Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información
- Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional

Hai unha das competencias informacionais que non aparece nos planos e que dende a biblioteca é considerada moi importante, que é o **uso ético da información**. Si aparece reflectido o uso ético da profesión, pero non da información en si.

A Biblioteca é quen se encarga de formar ao alumnado nestas competencias, sempre que o profesorado ou o propio alumnado o reclame. No **curso 2015-2016** o persoal da biblioteca da facultade formou a 500 alumnos/as (grao, TFG e TFM) e 24 investigadores/as PDI e Doutoramento), cun total de 114 horas presenciais. As **avaliacións** recollidas nos distintos cursos poñen de manifesto:

- Aspectos positivos:
  - O profesorado que imparte os cursos (moi ben valorado)
  - O contido dos mesmos (moi útil, debendo manterse sen cambios)
  - O material didáctico empregado é axeitado e bo
  - O alumnado acadou os obxectivos esperados
- Aspectos negativos
  - Os medios tecnolóxicos do espazo non están ben avaliados por problemas na conexión da rede e problemas na conexión wifi.
  - O espazo de tempo, moi concentrado, moito contido en poucas horas, reclaman un curso amplo con ETCS
  - No caso dos cursos de formación para os TFG e TFM o alumnado coincide en reclamar que “un curso deste tipo debe impartirse nos primeiros anos de facultade” , “con máis tempo” , “máis extenso” .

Reclaman tamén que “debe ser obrigatorio nos primeiros anos de carreira”

## MISIÓN

Desenvolver un Plano de formación en competencias informacionais que responda ás necesidades de usuarias e usuarios da Biblioteca, que estea dentro do marco do EEES e que responda ás competencias informacionais transversais dos programas de grao, postgrao, mestrado e doutoramento impartidos na Facultade de Ciencias da Educación. Que o dito Plano conte con asignación de ECTS.

## OBXECTIVOS

1. Conseguir que a comunidade universitaria acceda á información de forma máis eficaz e eficiente, acadando unha autosuficiencia na procura e xestión da información para a realización dun traballo



- de clase, un TFG ou TFM, un artigo, avaliar a produción científica ou realizar unha tese.
2. Servir de soporte para a actividade investigadora coa finalidade de melloralala e adaptala ao novo EEES.
  3. Dinamizar a relación entre a Biblioteca e o PDI a través do servizo de asesoramento ao investigador/a e de seminarios interactivos.
  4. Fomentar a utilización e bo uso dos recursos de información da Biblioteca nos que a Universidade está investindo grandes cantidades económicas.
  5. Desenvolver hábitos de investigación nos membros da comunidade universitaria.
  6. Contribuír a xerar un espírito crítico e de avaliación na selección da información.
  7. Facer un uso ético da información e evitar o plaxio.
  8. Potenciar o uso das TICs e dos estándares abertos, aumentando a utilización do RUC (Repositorio da Universidade da Coruña)

## AVALIACIÓN PREVIA DE USUARIAS/OS

Paso previo á súa implantación é a avaliación cuantitativa e cualitativa de usuarias/os e do servizo de formación existente, que nos permita detectar as súas necesidades informativas, así como a súa satisfacción ou insatisfacción co servizo e as melloras demandadas. As pautas a seguir:

1. Determinar a tipoloxía de usuarias e usuarios reais e potenciais: alumnado de grao, de fin de carreira, mestrado, doutoramento, PDI, PAS, investigadoras/os visitantes e autorizacións externas, (antigo alumnado, mestres, outros). A partir de aí poderemos establecer diferentes perfís. Poderemos facer outras divisións de usuarias/os que teñan en conta necesidades especiais, ben con discapacidades visuais ou auditivas, ou participantes nalgúns convenios como p.e. coa asociación Paimei. Tamén que teñan en conta xente extranxeira (erasmus ou visitantes).
2. Coñecer os seus hábitos e necesidades de cara á información.
3. Métodos de avaliación utilizados:
  - a. Cuantitativos (número de visitas, número de usuarias e usuarios que realizan cursos e número total por cada tipoloxía, estatísticas de uso de bases de datos, revistas electrónicas... Todos estos datos aparecen

recollidos nas memorias anuais que realiza a Biblioteca).

- b. Cualitativos (comentarios de usuarias/os nas redes sociais da Biblioteca, enquisas a través de formularios específicos, entrevistas, *Focus groups* xerais ou de cada tipoloxía). A Biblioteca leva anos realizando enquisas de satisfacción de cada un dos cursos que imparte, adaptando cada ano os cursos ás necesidades non cubertas detectadas.

## ANÁLISE DAFO

	positivo	negativo
Interno	<p><b>FORTALEZAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Grande cualificación, experiencia e motivación do persoal encargado da formación</li> <li>• Ampla colección da Biblioteca de recursos de información impresos e electrónicos.</li> <li>• Traballo en equipa do persoal formador</li> <li>• Incremento do contacto do persoal bibliotecario co PDI a raíz do curso “estratexias para implementar a visibilidade da produción científica”</li> <li>• Existencia na propia biblioteca dunha aula de formación para impartir seminarios e cursos a grupos reducidos e individuais</li> <li>• A Biblioteca conta cun</li> </ul>	<p><b>DEBILIDADES</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Hábitos actuais dos usuarios e usuarias con tendencia á procura rápida en google, á utilización dunha “ventá única” para a información, e as Bus aínda non contan con verdadeiras ferramentas de descubrimento</li> <li>• A comunicación de Biblioteca non é quen de chegar a todas/os</li> <li>• Pouca esixencia nos cursos de Grao do uso de recursos de información secundarios (bases de datos, xestores de referencia...) para a realización dos traballos académicos</li> <li>• Pouca colaboración de</li> </ul>

	<p>curso na plataforma Moodle con contidos de autoformación (guías, videotitoriais e ampla bibliografía)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Biblioteca moi dinámica culturalmente o que atrae usuarias e usuarios que se derivan a servizos de formación.</li> <li>• Boa valoración dos cursos que imparte o persoal, por parte de alumnado e PDI</li> <li>• Grande coñecemento do persoal formador en TICs</li> </ul>	<p>docentes no desvío de usuarios á Biblioteca para a súa formación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Excesiva dependencia de servizos informáticos por carecer de permisos de administración do persoal formador, o que conleva demoras na atención das necesidades do persoal a formar e non aproveitamento de todas as TICs existentes.</li> </ul>
externo	<p style="text-align: center;"><b>AMEAZAS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Debilidade da wifi da UDC, moitas veces non funciona ben o que conleva imposibilidade de conexión a recursos de información</li> <li>• Fallos na rede da UDC no momento no que se imparten os cursos</li> <li>• Mal estado dalgúns dos ordenadores e pantallas dixitais das aulas utilizadas na formación (multimedia, aulas de clase)</li> </ul>	<p style="text-align: center;"><b>OPORTUNIDADES</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Boa relación da Biblioteca coa equipa decanal</li> <li>• Visión positiva por parte de alumnado e PDI da Biblioteca</li> <li>• Inclusión de competencias informacionais dentro das competencias dalgúns dos planos de estudo</li> <li>• Grandes posibilidades que ofrecen as redes sociais para a difusión das formacións e a comunicación con usuarias/os potenciais</li> <li>• Existencia de multitude de ferramentas gratuitas para a</li> </ul>

		<p>creación de material informativo da Biblioteca, sen ter que depender de instalación de aplicacións. Grande utilidade para cuestións de mercadotecnia</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Existencia dunha aula multimedia no centro</li></ul>
--	--	--

## DESTINATARIOS/AS

A Aula CI2-A está dirixida a alumnado de Grao, TFG e TFM, a Aula CI2-PAS ao PAS do centro, especialmente indicado para aquel que traballa na UADI, e as Aula CI2-D e Aula CI2-I para PDI e alumnado de doutoramento.

## RECURSOS HUMÁNS

O persoal bibliotecario do centro é quen se encarga de impartir os cursos de formación. Trátase de persoal especializado con anos de experiencia en ALFIN en distintas universidades. A Biblioteca conta ademais con persoal auxiliar de mañá e de tarde que realiza visitas guiadas e presta asistencia nas procuras na Biblioteca a quen así o precise. O persoal bibliotecario realiza a planificación, imparte a parte presencial e coordina os distintos módulos dos cursos. Para o curso CI2-A conta coa colaboración docente, no caso dos cursos para alumnado de 1º están integrados na aula, e no caso do alumnado de TFG e TFM fanse en coordinación co vicedecanato de Organización Académica. Ten ademais apoio institucional a través do decanato do centro.

## INFRAESTRUTURA

A Biblioteca conta cun espazo para formacións en grupos pequenos que utiliza para seminarios interactivos. Dispón de ordenador para a

profesora, pantalla e canón, e unha mesa con 6 postos para traballar con portátil.

As formacións de alumnado de 1º de grao, de carácter obrigatorio, realizase nas propias aulas, as de carácter avanzado para alumnado de grao voluntario, as de TFG e TFM, así como os seminarios de grupos superiores a 6 persoas, na aula multimedia do centro, equipada con 30 ordenadores, canón e pantalla electrónica.

## ACCIÓNS DE MERCADOTECNIA E COMUNICACIÓN

1. Visualización:
  - a. Realización de cartaces atractivos utilizando ferramentas gratuítas na rede
  - b. Campañas específicas con deseño propio para cada unha: creación de Orcid, acceso aberto...
  - c. Videos promocionais da Biblioteca e os seus servizos: vídeos de rol
  - d. Realización de yincanas .
2. Difusión:
  - a. Canles formais:
    - i. Comisión da Biblioteca da Facultade
    - ii. Xornada de benvida da Facultade
    - iii. Correo electrónico a docentes
    - iv. Boletín trimestral da Biblioteca: *No Tinteiro*
    - v. Páxina web e blogue da Biblioteca
    - vi. Cartaces
  - b. Canles informais:
    - i. Comentarios co alumnado e docentes nas actividades culturais
    - ii. Charlas informais con docentes e alumnado en espazos dentro e fóra da Biblioteca
    - iii. Redes sociais: twitter, facebook
    - iv. “Corresponsais” entre alumnado → bolseiras/os da Biblioteca

## CURSOS ALUMNADO

**Aula CI2-A - nivel 1** - obrigatorio - integrado na aula en todos os primeiros de Grao presencial (2 h) + apoio en Moodle

1. Como realizar unha procura bibliográfica en 3 pasos
2. Acceso ao texto completo do documento
3. Uso ético da información

**Aula CI2-A - nivel 2** - especialización - voluntario 3 horas presenciais + apoio en Moodle - alumnado 2º e 3º grao, para quen o desexar/ opción de 20 horas → créditos ECTS (semipresencial)

**Aula CI2-A - nivel 3** - especialización avanzado - voluntario 4 horas presenciais + apoio en Moodle) - alumnado TFG e TFM / opción de 20 horas → créditos ECTS (semipresencial)

Os programas para os cursos Aula Ci2-A de nivel 2 e 3 é o seguinte, no que varia a especialización na procura e as fontes traballadas, así como o grao de autoformación ou formación presencial:

1. A Biblioteca, o seu espazo físico e virtual
  - a. A nosa biblioteca, os seus espazos
  - b. Normativa
    - i. Dereitos e deberes dos usuarios/as
    - ii. Préstamo
  - c. Documentos con características especiais:
    - i. Teses
    - ii. Tests
    - iii. Depósito
    - iv. Referencia
    - v. Revistas
  - d. Servizos que ofrece a biblioteca
  - e. O catálogo da UDC
2. Análise e definición das necesidades de información e selección das fontes.
  - a. Que preciso?
  - b. Onde buscar? Selección das fontes. Tipos de fontes
  - c. Fontes primarias
    - i. Revistas: impresas e electrónicas
    - ii. Monografías: papel e electrónicos
  - d. Fontes secundarias:

- i. Catálogos de Bibliotecas: UDC, Rebiun, directorios de catálogos.
  - ii. Bases de datos. Tipoloxía. Estructura xeral. Bases de datos subscritas pola Universidade e bases de datos gratuitas (Dialnet, CSIC, Eric, Psycinfo, Pubmed, Scopus, WOS...)
  - iii. Movemento *acceso aberto*
    1. Ruta verde. Repositorios. O RUC
    2. Ruta dourada. Revistas
    3. Recolectores
  - iv. Metabusca Pórtico
  - v. Buscadores académicos
  - vi. Cómo acceder ás distintas fontes
    1. Equipo conectado á rede da UDC
    2. Wifi
    3. Dende fóra da UDC
3. Interacción co sistema de busca: a busca bibliográfica
- a. Estratexias de busca
  - b. Avaliación dos resultados
    - i. Nas bases de datos
    - ii. Na web
  - c. Exportación de resultados
4. Da cita ao texto completo
- a. Xestor de enlaces: SFX
  - b. Monografías. Libros electrónicos
  - c. Revistas.
    - i. Papel
    - ii. Electrónicas
  - d. Préstamo interbibliotecario
5. Alertas informativas
- a. Correo electrónico
  - b. RSS. Definición, activación e principais agregadores
6. Xestionar a información:
- a. Xestores de referencias bibliográficas. Tipos
    - i. Refworks
    - ii. Endnote
    - iii. Mendeley
    - iv. CiteUlike



v. outros

7. Uso ético da información
  - a. Lexislación de propiedade intelectual
  - b. O plaxio.
  - c. Imaxes copyleft
  
8. Como redactar un TFG
  - a. Traballar na nube
  - b. Buscar TFGs e TFMs xa publicados
  - c. Presentacións dinámicas
  - d. Opcións de depósito en repoitorios. O RUC

16

## METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

As sesións de formación serán en parte presenciais e en parte a distancia, utilizando a plataforma Moodle.

Os cursos contextualízanse dentro da materia/curso na que se insiren como competencia transversal.

Durante todo o tempo que dure o curso, información, presentacións e tutoriais estarán accesibles en liña para alumnos e alumnas que participen, de xeito que os poidan consultar dende calquera lugar. Tamén estará dispoñible o chat da Biblioteca nun horario amplo co obxectivo de se comunicaren con calquera das profesionais que impartan o curso.

Avaliación de destrezas adquiridas:

1. Cada alumna/o poderá autoavaliarse a través de cuestionarios na propia plataforma Moodle.
2. Nos cursos integrados na aula será a/o docente quen avalie a parte práctica, a súa utilización no traballo da materia. Poderá utilizar unha rúbrica creada pola profesora do curso para tal fin.
3. Nos cursos de 20 horas con ECTS serán as formadoras do curso quen realicen unha avaliación dos contidos e destrezas aprendidos.

Ao final de cada curso facilitarase, impreso ou en liña, un cuestionario de avaliación de satisfacción do mesmo.

## DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

Sesións ao inicio de cada cuatrimestre (setembro-outubro e xaneiro-febreiro)

## CURSOS PDI E DOUTORAMENTO

A Aula CI2-D estará formada por diferentes seminarios interactivos, recomendables para un máximo de 6 persoas. Poderán participar PDI e alumnado de doutoramento. É posible solicitar outros específicos.

1. **Seminario 1. Recuperación de información en Ciencias da educación: a procura bibliográfica. (4 horas).** O coñecemento das distintas fontes de información dispoñibles e a utilización dunha boa estratexia de busca aumenta considerablemente o éxito na recuperación da información e, polo tanto, na investigación científica. Neste seminario aprenderase a investigadoras e investigadores na utilización e interrogación dos recursos de información científicos da súa área do coñecemento.

### Obxectivos

- Proporcionar ao PDI información sobre os principais recursos de información existentes para as ciencias da educación, psicoloxía..., e cales ten subscritas a UDC.
- Aprenderlles na creación dunha estratexia de busca coa que interrogar ás principais bases de datos científicas, utilizando descritores ou terminoloxía controlada (tesauros), linguaxe libre e álgebra booleán.
- Introducir a investigadoras/es no mundo do acceso aberto.

### Programa

1. Análise e definición das necesidades de información e selección das fontes.
  - a. ¿Que preciso?
  - b. ¿Onde buscar? Selección das fontes. Tipos de fontes
    - i. Catálogos de Bibliotecas: UDC, Rebiun, directorios de catálogos
    - ii. Bases de datos. Tipoloxía. Estructura xeral. Bases de datos subscritas pola Universidade e bases de datos gratuítas (Dialnet, CSIC, Eric, Psycinfo, PubMed, Scopus, WOS...)
    - iii. Movemento *acceso aberto*
      - a. Ruta verde. Repositorios. O RUC
      - b. Ruta dourada. Revistas
      - c. Recolectores
    - iv. Metabuscador Pórtico
    - v. Buscadores académicos: google académico, CiteSeer, Bielefeld Academic Search Engine, Scirus...
    - vi. Como acceder ás distintas fontes.
      - a. Equipo conectado á rede da UDC
      - b. Wifi
      - c. Dende fóra da UDC
  - c. A estratexia de busca:
    - i. Vocabulario controlado → tesauros
    - ii. Linguaxe libre
    - iii. Lóxica booleán
    - iv. Refinar resultados: filtros das bases de datos
  - d. Da cita ao texto completo
    - i. Xestor de enlaces: SFX
    - ii. Monografías. Libros electrónicos
    - iii. Revistas.
      - a. Papel
      - b. Electrónicas
    - iv. Préstamo interbibliotecario

## 2. Seminario 2. Avaliación da produción científica. (3 horas).

Neste seminario coñeceremos os distintos programas de acreditación para docentes e os distintos indicadores bibliométricos. Analizaremos os distintos criterios das axencias

de acreditación e traballaremos nas fontes para localizar índices de gradación e indicios de calidade.

## Obxectivos

- Coñecer a normativa vixente para a avaliación da produción científica
- Aprender a utilizar as distintos recursos para localizar os distintos índices de gradación das revistas
- Ser quen de localizar citas aos traballos científicos e crear alertas das mesmas

19

## Programa

1. Normativa
2. Entidades de acreditación
3. Criterios de avaliación das publicacións científicas
  - a. Revistas con FI (Factor de Impacto)
  - b. Revistas sen FI
  - c. Outras publicacións
4. Fontes para localizar o FI
5. Sistemas /plataformas de avaliación de calidade (non ofrecen FI)
6. Buscar citas
7. Criterios para monografías
8. Almetrics
9. Consellos e Preguntas frecuentes (FAQ)
10. Modelo de rúbrica a seguir
11. Bibliografía

3. **Seminario 3. Xestión da información (4 horas).** Os xestores bibliográficos son ferramentas que nos permiten organizar a nosa propia base de datos de referencias bibliográficas e, a partir dela, compartir, xerar citas ou crear unha bibliografía segundo un formato específico (APA, Vancouver...). A creación de alertas bibliográficas permítenos actualizar a información. Neste seminario aprenderase ao PDI na creación de alertas de información e na xestión das referencias bibliográficas.

## Obxectivos

- Aprender ao PDI a establecer sistemas de alertas sobre procuras bibliográficas, así como alertas de citas.

- Proporcionarlles información sobre os principais agregadores ou sistemas de lectura de RSS.
- Amosarlles os principais xestores bibliográficos.
- Aprender a importar referencias dende distintas fontes de información, a incorporalas dende un arquivo ou a crealas manualmente.
- Aprender a inserir citas e crear bibliografía dende o xestor bibliográfico utilizado.

## Programa

1. Sistemas de alertas
  - a. Correo electrónico
  - b. RSS. Definición, activación e principais agregadores
  - c. Exemplos: Dialnet, Eric, Psycinfo, Scopus, WOS, alertas de citas...
  - d. Citas do impacto científico: citas recibidas e seguimento de publicacións de investigadoras/es
2. Estar ao día:
  - a. Redes sociais académicas
  - b. Bx-hot articles
  - c. Google trends
3. Xestores de referencias bibliográficas
  - a. Tipos
    - i. Refworks
    - ii. Endnote
    - iii. Mendeley
  - b. Crear e xestionar carpetas
  - c. Importar referencias
  - d. Inserir citas nun texto
  - e. Elaborar bibliografías
  - f. Facer copia de seguridade da base de datos bibliográfica
  - g. Compartir referencias
4. Implementar a visibilidade das publicacións (4 horas) / ou ben realizar o curso "Estratexias para incrementar a visibilidade e o impacto dos resultados da investigación" en colaboración co CUFIE e na biblioteca o obradoiro práctico individual. Contar cun perfil dixital no que poder incorporar todas as nosas publicacións, así como a nosa vida laboral e académica

incrementa a visibilidade da nosa produción científica. Como paso previo é importante evitar equívocos na nosa firma bibliográfica, normalizando esta e utilizando a filiación correcta. Neste seminario veremos cales son as pautas a seguir e crearemos un perfil dixital en distintas plataformas, ao que incorporaremos toda a nosa produción científica. Tamén veremos opcións de publicación en aberto, e como seleccionar a revista na que publicar un artigo.

## Obxectivos

- Analizar os problemas que presenta a utilización dunha sinatura non normalizada e aplicar pautas para a súa normalización.
- Presentar os distintos perfís de investigador/a dispoñibles e crear perfil en cada un deles.
- Aprender a importar publicacións aos distintos perfís dende outras fontes e a exportalos para despois incorporalos noutros, e incluso no Suxi.
- Mellorar a visibilidade da nosa produción científica.
- Analizar opcións de publicación con impacto nas canles tradicionais e no aberto.

## Programa

1. Nome e filiación
2. Creación e xestión de perfís dixitais
  - a. Orcid
  - b. ResearcherId
  - c. Google ID
  - d. Scopus ID
3. Como exportar publicacións aos diferentes perfís e como importar no Suxi dende Orcid
4. As redes sociais académicas
5. Open Access. (Acceso Aberto)
  - a. Mandatos da Lei de Ciencia e do Programa Horizonte 2020 para publicar no aberto
  - b. Ruta verde e dourada
  - c. RUC.
6. Como publicar con impacto

- a. En que revistas están os artigos mais citados da nosa área: Procuras nas bases de datos
- b. Coñecer revistas de impacto da nosa área: JCR / SJR
- c. Ferramentas de Springer e Elsevier

**Seminario 4. Comunicación da información. (2 horas).** Coa facilidade de acceso á información na rede aumentan os casos de plaxio nas institucións académicas, aínda que tamén son maiores as ferramentas para detectalo e para protexer os nosos traballos. Cómpre unha boa análise da lexislación vixente para coñecer cales son os límites na difusión da información. Tamén é precisa a concienciación e motivación do alumnado para evitar o plaxio nos seus traballos.

22

## Obxectivos

- Analizar a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual.
- Coñecer os principais detectores de plaxio.
- Coñecer os nosos dereitos como autoras/es e os deberes á hora de utilizar a información de outras/os. .
- Presentar opcións de busca de imaxes creative commons.

## Programa

1. Uso ético da información.
  - d. Lei de propiedade intelectual
  - e. Plaxio
    - i. Medidas para protexer os nosos traballos contra o plaxio
    - ii. Como detectalo nos traballos do alumnado
2. Imaxes copyleft
3. Ferramentas dinámicas da web 2.0: blogues, wikis, creación de contidos multimedia (presentacións, titoriais...)
4. Como ter éxito na publicación dos meus traballos. O RUC

## METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

As sesións de formación realizaranse en seminarios prácticos e activos, resolvéndose cuestión individuais persoalmente. Complementaranse con contidos e-learning na plataforma Moodle,



titoriais, videos, presentación, bibliografía complementaria e foros de discusión. Tamén estará disponible o chat da Biblioteca nun horario amplo para poder comunicarse con calquera das profesionais que impartan o curso.

A avaliación será en cada seminario, nas realización prácticas. Así mesmo haberá cuestionarios de autoavaliación en cada módulo de Moodle. A Biblioteca emitirá un certificado conforme se tem realizado. / posibilidade de ECTS pola realización de todos.

## DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

- Seminario 1. Outubro
- Seminario 2. Decembro
- Seminario 3. Febreiro
- Seminario 4. Abril

Impartirase na aula de formación da Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación.

**Aula CI2-I.** Individualizada. Ademais dos seminarios da Aula CI2-D, a Biblioteca ofrece asesoramento personalizado a investigadoras e investigadores, directo e individual, que se adapta a cada necesidade específica. Abrangue calquera dos seguintes aspectos:

1. Asesoramento en cuestións de acreditación para as distintas axencias. Neste aspecto tamén realizamos un informe individualizado co impacto das achegas para a avaliación.
2. Incremento da visibilidade científica, creando perfis de investigador/a, redes sociais académicas, publicar no acceso aberto, depositar no Ruc...
3. Asesoramento en cuestións de propiedade intelectual, utilización de creative commons nos documentos de investigación...
4. Onde publicar **con** impacto.
5. O acceso aberto. O RUC.
6. Xestionar as referencias bibliográficas e alertas.

## CURSOS PAS

Os cursos para PAS consisten en seminarios á carta, previo análise das necesidades.

## Documentos de interés.

Comisión mixta CRUE-TIC y REBIUN. Competencias informáticas e informacionais en los estudios de grado. Junio 2012, edición revisada y ampliada.

[http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/CI2\\_estudios\\_grado\\_2012.pdf](http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/CI2_estudios_grado_2012.pdf)

Manual para la formación en competencias informáticas e informacionais (CI2). Madrid, 2013. Traducción y adaptación del *Handbook for information Literacy Teaching* de la Universidad de Cardiff (tercera revisión, 2009). *Manual completo (PDF)* [http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Manual\\_formacion\\_CI2\\_completo\\_2013.pdf](http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Manual_formacion_CI2_completo_2013.pdf)

1

[http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Equivalencia\\_descriptores\\_Compentencia%20Digital\\_DecalogoCI2\\_2016.pdf](http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Equivalencia_descriptores_Compentencia%20Digital_DecalogoCI2_2016.pdf)

2

[http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Definicion\\_Compentencias\\_Informacionais\\_2014.pdf](http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Definicion_Compentencias_Informacionais_2014.pdf)

<sup>3</sup> Grao en educación infantil. (recuperado de) <http://estudios.udc.es/gl/study/detail/652G01V01>

<sup>4</sup> Logopedia. Memoria general del título. *Propuesta de título de grado* (2008). A Coruña: Universidade da Coruña. Facultade de Ciencias da Educación.

<http://www.educacion.udc.es/documentos/calidade/propostas/Logopedia.pdf>

Educación infantil. Memoria general del título. *Propuesta de título de grado* (2008). A Coruña: Universidade da Coruña. Facultade de Ciencias da Educación.

[http://www.educacion.udc.es/documentos/calidade/propostas/Educacion\\_Infantil.pdf](http://www.educacion.udc.es/documentos/calidade/propostas/Educacion_Infantil.pdf)

<sup>5</sup> <http://www.ala.org/acrl/standards/characteristics>

<sup>6</sup> Association of College and Research Libraries. **Standards for libraries in higher education** (recuperada de) <http://www.ala.org/acrl/standards/standardslibraries> (2011)

7

[http://www.rebiun.org/opencms/opencms/handle404?exporturi=/export/docReb/PE\\_REBIUN\\_2020.pdf](http://www.rebiun.org/opencms/opencms/handle404?exporturi=/export/docReb/PE_REBIUN_2020.pdf)

f

<sup>8</sup> <http://www.rebiun.org/doc/plan.pdf>

9

[http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Propuesta\\_adaptacion\\_competenciadigital\\_estudiante\\_grado\\_0916.pdf](http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Propuesta_adaptacion_competenciadigital_estudiante_grado_0916.pdf)

<sup>10</sup> <http://www.boe.es/boe/dias/2007/10/30/pdfs/A44037-44048.pdf>

<sup>11</sup> <http://www.boe.es/boe/dias/2010/07/03/pdfs/BOE-A-2010-10542.pdf>

<sup>12</sup> <http://www.peri.net.ni/pdf/01/Declaraci1.pdf>

- 
- <sup>13</sup> [http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Ci2\\_estudios\\_grado\\_2012.pdf](http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Ci2_estudios_grado_2012.pdf)
- <sup>14</sup> <http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/resreccomtrainfor.pdf>
- <sup>15</sup> <http://bibedu.blogaliza.org/files/2010/09/menu-2012completo.pdf>
- <sup>16</sup> *Decálogo Ci2: temas a desarrollar* (junio, 2012).  
[http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Ci2\\_estudios\\_grado\\_2012.pdf](http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Ci2_estudios_grado_2012.pdf)
- <sup>17</sup> <https://cv4.ucm.es/moodle/course/view.php?id=21986>
- <sup>18</sup> <https://www.unavarra.es/biblioteca/formacion/competencias-informacion>
- <sup>19</sup> <https://biblioteca.ua.es/es/ci2/curso-ci2-basico.html>
- <sup>20</sup> <http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/servizos/competencias.html>
- <sup>21</sup> [http://bib.us.es/estudia\\_e\\_investiga/formacion](http://bib.us.es/estudia_e_investiga/formacion)
- <sup>22</sup> <http://www.ull.es/view/institucional/bbtk/PDI/es>
- <sup>23</sup> <http://blog.biblioteca.unizar.es/biblioteca-universidad-zaragoza/plan-de-formacion-en-competencias-informacionales-ci-de-la-buz>
- <sup>24</sup> [http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Mapa\\_Ci2\\_2012.pdf](http://www.rebiun.org/competenciadigital/Documents/Mapa_Ci2_2012.pdf)s (Ci2) en las universidades españolas. Junio 2012. [http://ci2.es/sites/default/files/documentacion/mapa\\_ci2.pdf](http://ci2.es/sites/default/files/documentacion/mapa_ci2.pdf)
- <sup>25</sup> Libros blancos. Realizados pola rede de universidades españolas, apoyadas pola ANECA.  
<http://www.aneca.es/Documentos-y-publicaciones/Otros-documentos-de-interes/Libros-Blancos>
- <sup>26</sup> <http://www.educacion.udc.es>